

# FICHA TECNICA



## Vento Mareiro Velas

ALBARIÑO

Elaborado con uvas das viñas de Xil e Padrenda, no concello de Meaño. O microclima do Val do Salnés deixa pegada neste recuncho das Rías Baixas, ao igual que o mar Atlántico, ao que se homenaxea na etiqueta.

As velas son o vento e a forma en que a xente desta terra se move no seu mar.



Véndese nunha caixa  
de 6 botellas de 75cl.

- **Tipo de viño:** Monovarietal branco
- **Variedade:** 100% Albariño
- **Subzona:** Val do Salnés
- **D.O.:** Rías Baixas (Galicia)
- **Vendima:** 2021
- **Grao:** 12°
- **Número de botellas:** 18.000 botellas

### Zona de produción:

Uvas do Concello de Meaño, das parroquias de Xil e Padrenda.

### Vinificación:

Vendima manual en caixas de 15 kg cando as uvas alcanzan o seu punto perfecto de madurez.

O despalillado e o apretado dan paso á prensa pneumática e despois o mosto pasa a un depósito para ser decantado durante dous días. A fermentación ten lugar a 16 °C.

## Nota de cata



### Fase olfativa

Intensidade media - alta con notas cítricas e predominio de notas florais. Ten un fondo de herbas aromáticas.



### Fase visual

Limpo, brillante, de cor amarela palla con reflexos verdosos.



### Fase gustativa

Fresco, envolvente e equilibrado. O retronasal destaca a elegancia das herbas aromáticas.